CENTENARIO
CELSO EMILIO FERREIRO
(1912– 1979)

CEP Plurilingüe
Igrexa –Valadares

EQUIPOS DE BIBLIOTECA E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CRONOLOXÍA BIOGRÁFICA

1ª ETAPA (1912—1936)

Celso Emilio Ferreiro naceu o 4 de xaneiro de 1912 en Celanova, vila que constituirá o eixe fundamental de toda a súa producción literaria. Dende moi novo, establecerá contactos con escritores e galeguistas como Vicente Risco ou Otero Pedrayo.

Será nesta etapa cando Celso Emilio comece as súas actividades políticas.

Destacamos neste período o seu libro de poemas "Cartafol de poesía".

2ª ETAPA (1936—1940)

Ao estoupar a guerra civil, Celso Emilio Ferreiro é chamado a filas e destinado a Asturias. En 1938, en Oviedo, coñece a Moraina, con quen casará e terá catro fillos: Luís, Xosé Mª, Isabel e Xabier.

Estando de permiso en Celanova, nunha tasca, fala críticamente do novo réxime, motivo polo cal é denunciado e encarcelado durante tres días. Aquí nacerá a súa obra "Longa Noite de Pedra"

Ao acabar a guerra comezará os seus estudios de Dereito e Maxisterio.

3ª etapa (1940—1950)

Nesta etapa oposita e gaña o posto de Secretario e logo de Xefe de Xustiza na Fiscalía de Taxas de Pontevedra, onde traballou nove anos.

En 1941, publica "Al aire de tu vuelo" e, en 1947 "Bailadas, cantigas e donaires".

Comeza a traballar nas revistas "Sonata Gallega" e, "Finisterre.

4ª etapa (1950—1966)

En outubro de 1949, obtén o título de Procurador dos Tribunais e, en setembro de 1950 marcha a Vigo para exercer como tal.

En 1955, publica "Voz y voto" e, "O soño sulagado", libro de poemas de carácter irónico e reinvindicativos.

En 1962, conságrase como escritor publicando "Longa Noite de Pedra".

Comeza a colaborar en distintos xornais "Faro de Vigo" ou o "Diario de Pontevedra".

5ª etapa (1966—1973)

Nesta etapa, Celso Emilio Ferreiro comezará a sufrir as persecucións das forzas franquistas, feito polo cal, verase obrigado a emigrar a América. Asentarase en Venezuela e, será en Caracas onde chegue a dirixir a "Hermandade Gallega" e a emisora de radio "Sempre en Galiza".

En 1967, funda o Grupo Nós.

En 1968, publica: "Viaxe ao país dos ananos", e "Cantigas de escarnio e maldicir"

En 1972, publica "A frontera infinda" e no ano seguinte, "Fóronse á puñeta", edición en castelán.

6ª etapa (1973—1979)

En 1973, retorna a España, con destino Madrid para traballar na revista "Tribuna Médica" e, colaborar co xornal ABC onde informaba das novedades literarias galegas.

En 1974 publica "Cemiterio privado" e, en 1975, "Onde o mundo se chama Celanova", poemario de sentimentos amorosos cara á súa terra.

Celso Emilio Ferreiro falece en Vigo o 30 de agosto de 1979. Postumamento aparece o seu libro "O libro dos homenaxes".

En 1989, adícaselle o día das Letras Galegas.

Obra literaria

Poesía

Cartafol de poesía (1936)

Al aire de tu vuelo (1941)

Baíladas, cantigas e donaires (1947)

Musa alemá (1951)

O soño sulagado (1955)

Voz y voto (1955)

Longa noite de pedra (1962)

Viaxe ao país dos ananos (1968)

cantigas de escarnio e maldecir (1968)

Terra de ningures (1969)

Antipoemas (1972)

Autoescolha poética (1954-1972) (1972)

Cemintério privado (1973)

Os autentes (1973)

Fóronse á puñeta (1973)

Onde o mundo se chama Celanova (1975)

Al César enano (1975)

Antología: texto bilíngüe (1977)

O libro dos homenaxes (1979)

Longa noite de pedra/Larga noche de piedra (2011)

Dun tempo e dunha terra. Antoloxía poética (2012)

NARRATIVA

Curros Enríquez. Biografía (1954)

A fronteira infinda (1972)

Curros Enríquez. Obra poética completa (1977)

A taberna do Galo (1978)

El alcalde y otros cuentos (1981)

Pola longa lonxanía

Pola longa lonxanía
vou camiñando sen présa.
Na noite escura está acesa
unha luz que anúncia ó
día.
Aquelo que eu ben quería,
liberdade, nunca voltou.
Cuberto de noite vou
pola longa lonxanía.
O vento lurpio non cesa
de oubear sobre o meu povo.
Como non lle temo ao lobo
vou camiñando sen présa.
Vida errante, noite espesa,
negrura embaixo e enriba.
Mais a miña esperanza
altiva na noite escura está
acesa.
Aquelo que eu prefería,
revolución, canto tarda.
Mais o meu anceio agarda
unha luz que anúncia ó
día.

EU EN TI

Eu xa te busquéi
cando o mundo era unha pedra
íntaita.
Cando as cousas buscaban os
seus nomes,
eu xa te buscaba.
Eu xa te procuréi
no comenzo dos mares e das
chaíras.
Cando Dios procuraba
compañía,
eu xa te procuraba.
Eu xa te chaméi
cando soío a voz do vento soaba.
Cando o sílenzo chamaba polas
verbas,
eu xa te chamaba.
Eu xa te namoréi
cando o amor era unha folla
branca.
Cando a lúa namoraba as
outras cumes,
eu xa te namoraba.
Sempre,
dende a neve dos tempos,
eu, na túa ialma.

O REI

No tempo aquil
cando os animales falaban,
decír libertá non era tríste,
decír verdá era coma un río,
decír amor,
decír amigo,
era igual que nomear a
primavera.
Ninguén sabía dos aldraxes.
Cando os animales falaban
os homes cantaban nos
solpores
pombas de luz e xílgaros de
soños.
Decír teu e meu non se
entendía,
decír espada estaba prohibido,
decír prisión somente era
unha verba
sín senso, un aire que
mancaba
o corazón da xente.
Cando,
cando se perdeu,
íste gran Reino?

UNHA VEZ

Unha vez houbo un
home
que nunca díxo, meu.
Petou nas portas do
mundo,
chamou no meu
corazón.
Falaba con palabras
que semellaban pombas.
As cousas á súa beira
púñanse brancas.
Nascíalle nos ollos un
abrente
coma un río de luz,
ou coma un mar
lonxano de gueivotas.
Un bálsamo de amor
tiña aquil home
pra ísta miña dor
sín nome.

LONGA NOITE DE PEDRA

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazós dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

TEÑO O CORAZÓN SENLLEIRO

Teño o corazón senlleiro
e orfo na noite fría.
Non importa, agardaréi
polo albor do novo día.
Teño lobos, teño sombras,
teño a sorte fuxidía.
Non importa, agardaréi
polo albor do novo día.
Está mudo o reixiñol
que outrora cantar solía.
Non importa, agardaréi
polo albor do novo día.
Que está comigo a
esperanza,
fiando, fía que fía...
Ela fía i eu confío
no albor do novo día.